

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog:http://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2011.

En Bergondo, a 6 de xuño de 2011, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación O Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multiseccionais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Xoan Alvarez Llana, en representación da *Mesa do sector institucional* (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña).
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. Implantación de maceiras para sidra en Aranga (Expte. L11-41100-29-00105)

Con data 30 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de implantación de maceiras para sidra no Concello de Aranga, promovido por Juan José Rico.

Vanse plantar 1.400 pés de maceira de variedades de probada aptitude sidreira, enxertadas sobre patrón semiananizante MM106. Os investimentos serían: Adquisición da maquinaria, plantas e actuacións de plantación necesarias para a implantación (titores, peche).

Esta iniciativa pode animar a outras persoas a que sigan apostando polo sector da froiticultura, por ser unha actividade que está actualmente en decrecemento. Por outra banda podería dar lugar á creación de novas empresas de transformación de produtos agrarios.

Este proxecto, tamén contribúe a fixar poboación no rural, demostrando que a pode ser unha alternativa viable economicamente. Ten cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 1º “Investimentos no sector agrario relacionadas co apoio a novas producións”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 38.613,77 € (33.554,04€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 62,25 puntos que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 41,13% (13.800,78€) sobre un orzamento elixible de 33.554,04€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2 Ampliación de serradoiro de madeiras en Carral (Expte. L11-41100-29-0108)

Con data 10 de maio de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para un proxecto de ampliación de serradoiro en Carral.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada “SERVICIOS MADEREROS Y ASERRADERO S.L.” con sede en Carral, adicada á actividade de serradoiro de madeira dende 1995.

A boa marcha da empresa, leva a entidade a considerar unha ampliación da mesma, co obxecto de poder seguir competindo no mercado actual, ampliando a zona de acopio e secado da madeira e mellorando a loxística e organización interna.

Os investimentos do proxecto consisten na obra civil da nave, permisos e proxecto de execución.

A entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a dous empregos a xornada completa, con colectivos desfavorecidos.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 411 do Réxime de Axudas, no apartado 3.-Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais no ámbito da transformación e comercialización de produtos forestais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden aproximadamente a 880.284,99 € (746.004,23€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 61 puntos que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40,5% (máxima axuda 250.000 €) sobre un orzamento elixible de 746.004,23€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3 Nova carpintería innovadora de madeira na comarca (Expte. L11-41300-29-0110)

Con data 18 de abril de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dunha carpintería de madeira en Betanzos.

A promotor do proxecto é a persoa física Fernando Caramés que na actualidade está no paro, pero que conta con estudos de aparelador e experiencia no sector, xa que estivo traballando máis de 20 anos na empresa “Caramés Seoane S.L.”

O proxecto consiste na creación dunha carpintería na parroquia de Requián, no municipio de Betanzos.

Pretende utilizar madeira da comarca (carballo, nogueira e cerdeira marrón) e mellorar os acabados na madeira porque considera que contan con moitas deficiencias.

Os investimentos do proxecto consisten: adaptación do local, adquisición de maquinaria, vehículo e creación da páxina web. O promotor vai crear o seu propio emprego como autónomo.

Este proxecto produtivo ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida” do Réxime de Axudas, no apartado II.-Creación de PEMES.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 56.506,76 € (47.947,32.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 42 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 31 % (axuda 14.863,67 €) sobre un orzamento elixible de 47.947,32€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.2. PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DA AXUDA LEADER: ASOCIACIÓN GATOCAN.

Os asistentes acordan tratar este punto ao final.

2.3. APROBACIÓN EXPEDIENTES SEN VERIFICACIÓN ICE DE AGADER POR TRANSCORRER O PRAZO DE 2 MESES SEN RESOLUCIÓN.

Segundo o procedemento do Réxime de Axudas de AGADER, a validación do ICE correspóndelle á Area de Apoio aos GDR de Agader.

O prazo do que disporá AGADER para verificar o ICE será de 2 meses a contar dende a data de entrada no rexistro xeral de AGADER ou, de ser o caso, dende a data de rexistro de entrada de documentación complementaria referida no parágrafo anterior.

Transcorrido o citado prazo sen pronunciamento expreso, entenderase que o ICE foi verificado favorablemente.

Dende Mariñas – Betanzos téñense enviado a AGADER os seguintes expedientes para a súa verificación, non tendo resposta ata a data:

2.3.1. CREACIÓN CARPINTERÍA EN CAÑÁS (CARRAL)

Con data 05 de outubro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a creación dunha carpintería en Cañas (Carral).

O promotor do proxecto, Carpintería Vista Real, S.L., comeza a súa actividade especializándose na fabricación de fiestras e portas de madeira, complementando a súa actividade coa elaboración de mobles.

O proxecto consiste na adquisición de fresas para a moldurera, específicas para a fabricación de fiestras e portas de madeira.

Con data 21 de febreiro de 2011, tense enviado a AGADER a solicitude de Informe Favorable de AGADER, polo que transcorridos os 2 meses establecidos no Réxime de Axudas procédese a dar o ICE por favorable.

Este proxecto acadou un total de 48,25 puntos, correspondéndolle un 34,13% de axuda, resultando un importe de 10.053,67.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 29.457,00.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.3.2. AMPLIACIÓN EMPRESA PROTÉSICO DENTAL (CARRAL)

Con data 27 de decembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a modernización dunha empresa protésico-dental en Carral que leva 5 anos en funcionamento. O promotor do proxecto é a persoa física Oscar Brandaríz.

O promotor é unha persoa de 35 anos, que creou o seu propio emprego adicándose a elaboración de prótesis dentais coas ferramentas mínimas necesarias e onde na actualidade ten creado un posto de traballo máis. Nesta fase de consolidación da empresa e incremento da demanda, vexa na necesidade de ofrecer un produto de maior calidade para o que necesita contar con ferramentas máis sofisticadas.

O proxecto consiste na adquisición dun compresor, unha gelatinadora e dun mini-laser.

Esta modernización contribuirá ó crecemento da empresa e a ofrecer un novo produto de máis calidade dende o rural.

Con data 2 de marzo de 2011, tense enviado a AGADER a solicitude de Informe Favorable de AGADER, polo que transcorridos os 2 meses establecidos no Réxime de Axudas procédese a dar o ICE por favorable.

Este proxecto acadou un total de 39 puntos, correspondéndolle un 29,50% de axuda, resultando un importe de 5.935,40.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 20.120.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.4. PROPOSTA CAMBIO CRITERIOS BAREMACIÓN PROXECTOS PRODUTIVOS.

1. ANTECEDENTES.

Na Reunión da Xunta Directiva celebrada o pasado día 10 de xaneiro de 2011, acordouse nomear unha Comisión para valorar a viabilidade de modificar os **criterios de baremación dos proxectos produtivos**.

A comisión quedou composta polas seguintes persoas:

- Representante da Mesa Sectorial de Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas: José Juan Rico Rodríguez (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva).
- Representante da Mesa Sectorial de Asociacións e Colectivos Medioambientais ou actividades na natureza: José Francisco Castro Vilariño (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- Representante da Mesa do Sector Institucional: Xosé Uxio Rey Fernández (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)

Na reunión de Xunta Directiva do pasado mes de abril, a Comisión presentou a seguinte proposta de cambios de criterios:

PROPOSTA.

As premisas das que partiu a Comisión para elaborar esta nova proposta foron as seguintes:

1. Potenciar o apoio de investimentos nos Concellos máis rurais.
2. Primar os proxectos máis innovadores.
3. Incrementar o nivel de calidade dos proxectos que encaixen en LEADER.
4. Aplicar a estratexia do GDR cos proxectos que poidan xurdir no futuro.
- 5.- Animar proxectos de pequeno orzamento e non grandes investimentos.

A Comisión na reunión de Xunta Directiva do pasado mes de abril presentou un avance, acordando que a Comisión volva a revisar a proposta, co obxectivo de estimular e potenciar os investimentos nas zonas máis rurais.

1º) NOVA PROPOSTA

En relación ao punto 1 dos criterios (ubicación xeográfica), revísanse as puntuacións do apartado 1.2. (características demográficas do concello), tanto o apartado A como o apartado B.

No punto da Taxa de Paro, actualízanse os datos, sendo as fontes do ano 2010:

Consellería de Traballo e Benestar: parados segundo municipio a decembro de 2010.

Instituto Galego de Estatística: Poboación activa no ano 2010.

<i>1.2. Características demográficas do Concello</i>	<i>(Máximo 10 puntos)</i>
A.-Densidade de poboación do ano 2007	(Máximo 7 puntos)
1.2.1: Concellos con densidade de poboación no 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	7
1.2.2: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 51% e 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	6
1.2.3: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 101% e 200% da media galega (Carral, Miño)	5
1.2.4: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 201% e 300 % da media galega (Bergondo)	4
B.-Taxa de paro (fontes: Consellería de Traballo e Benestar e I.G.E. datos, 2010).	(Máximo 3 puntos)
1.2.1: Concellos con taxa de paro inferior ao 10% (Aranga, Carral, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oleiros).	2
1.2.2: Concellos con taxa de paro superior ao 10% (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Sada)	3

4. Impacto sobre o territorio:	25 puntos
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	
4.1.1: Proxecto de servizos básicos á poboación local: saúde, educación, dependencia, etc.	15
4.1.2: Proxectos de transformación de produtos forestais ou melloras no monte ou no seu uso público	15
4.1.3: Proxectos innovadores de produción primaria, ou de transformación e comercialización de produtos agrarios e a súa posta no mercado (utilizar variedades tradicionais, novos cultivos, etc.)	15
4.1.4: Proxectos que inclúan agrupacións de terras ou uso dos Bancos de Terras	15
4.1.5: Proxectos que inclúan autoabastecemento enerxético (posta produción vellas plantas de luz veciñais, caldeiras leña, placas solares, biodixestores, etc.) e/ou contribúan á loita fronte ao cambio climático con accións concretas.	10
4.1.6.: Outros proxectos industriais ou de servizos, que utilicen insumos do territorio (construción de madeira, etc.) (mínimo 10% do investimento)	10
4.1.7.: Se non existe a actividade económica do proxecto no Concello (segundo I.A.E. municipal)	10
4.2. Incidencia medioambiental	
4.2.1: Proxectos cun fin principal de mellora ambiental (Mellora da calidade medioambiental a través da posta en valor de recursos naturais; mellora recursos hídricos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos degradados.)	10
4.2.2: Proxectos que aínda non tendo como fin principal a mellora ambiental, inclúan investimentos destinados a melloras ambientais (conservación e mellora da biodiversidade, implantación de sistemas de xestión ambiental, etc.)	10
4.2.3: Proxectos nos que se empreguen enerxías renovables e/ou técnicas eficientes baixo consumo enerxético e/ou que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos.	10

2º) OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Propónse baixar a axuda máxima a 120.000 euros por expediente produtivo e que, a nota de corte dos proxectos para resultar elixibles suba ata os 45 puntos.

A Xunta Directiva aproba esta proposta de modificación, cos votos en contra dos Concellos de Culleredo e Oleiros. Así mesmo, acorda que se envíe a AGADER esta proposta de cambio de criterios de baremación para proxectos produtivos, baixando a axuda máxima por expediente a 120.000 euros e subindo a nota de corte ata os 45 puntos.

3. SOLICITUDE SUBVENCIONS PARA A POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS EN MATERIA DE EMPREGO (2011-2012).

O día 24 de maio de 2011 ten saído publicado no DOG a “Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego”.

As subvencións reguladas na presente orde terán por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica. Nestes

programas estableceranse obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego participantes neles.

Tipos de Programas:

a) Programas integrados para persoas desempregadas, preferentemente perceptoras de prestacións ou subsidios por desemprego e pertencentes aos seguintes colectivos sinalados como prioritarios na definición anual do Plan de acción para o emprego: persoas con discapacidade; persoas inmigrantes; mulleres (especialmente aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia); persoas desempregadas en risco de exclusión social; persoas desempregadas de longa duración (especialmente, os maiores de 45 anos con baixa cualificación); menores de 30 anos (especialmente aqueles que posúan baixa cualificación).

O obxectivo deste Programa é a inserción laboral do 35% dos participantes no Programa, fixando o tal de participantes en 20. A duración deste proxecto será aproximadamente de 12 meses e a data de inicio dependerá da resolución por parte da Consellería.

“**Agro Emprega**”. Programa para a inserción laboral no sector agrario a través da recuperación de producións agrícolas tradicionais e outras demandas dos mercados.

ORZAMENTO DESAGREGADO:

Custos salariais e de Seguridade Social: 26.840,16€

Axudas de custo e desprazamento: 16.840,00€

Medios externos e seguros alumnos: 24.800,00€

Gastos de amortización: 6.400,00€

Gastos xerais, materiais e técnicos: 19.300,00€

Total orzamento previsto do programa AGROEMPREGA.....93.820,16 €

O prazo para presentar esta solicitude remata o día 24 de xuño de 2011.

Ao respecto da aportación propia de fondos, incluíranse os dispoñibles no proxecto de cooperación “Novos Horizontes”.

A Xunta Directiva autoriza ó Equipo Técnico do Programa LEADER a que realice os trámites oportunos para presentar esta solicitude, ó mesmo tempo que autoriza ó Presidente da Asociación a sinatura da mesma.

4. SOLICITUDE CONVOCATORIA CONCESIÓN DE AXUDAS FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD 2011.

O Padroado da Fundación Biodiversidad aprobou, no seu acordo por escrito de 1 de febreiro de 2010, as Bases Reguladoras de concesión de axudas pola Fundación Biodiversidad, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade, o cambio climático e o desenvolvemento sostible, publicadas na páxina web da Fundación www.fundación-biodiversidad.es. Estas bases reguladoras son de aplicación a esta convocatoria.

A tal fin, dende a Asociación Mariñas – Betanzos se pretende presentar dentro desta convocatoria o proxecto “Cultivar: Conservar la Biodiversidad Hortofrutícola” que se localizará dentro del ámbito territorial da Asociación.

Con este proxecto, se pretende recuperar e conservar a biodiversidade ligada á agricultura (especificamente á hortofruticultura) identificar e promover a utilización de variedades locais, fomentar as prácticas agrícolas sostibles e servir de freo ós procesos de simplificación e perda de ecosistemas e especies.

O obxecto desta iniciativa será a identificación, recuperación e conservación in situ das variedades locais hortícolas e frutícolas, do coñecemento ligado ás mesmas e a súa divulgación entre a poboación local e os colectivos implicados.

Os resultados que se esperan con este proxecto son:

- Difusión do proxecto entre a poboación local e sensibilización social.
- Identificación dos condicionantes legais referidos ós recursos fitogenéticos.
- Inventario de agricultores e de variedades locais utilizadas, e informe sobre prácticas culturais.
- Cesión de material fitoxenético ós Bancos de Xermoplasma públicos, para conservación “ex situ”.
- Posta en marcha de parcelas demostrativas con variedades tradicionais baixo criterios de agricultura ecolóxica.
- Identificación de novas vías de comercialización para as variedades locais identificadas.
- Xornadas de difusión sobre a importancia das variedades locais para a agricultura e a conservación da biodiversidade.
- Caracterización organoléptica das variedades locais recuperadas.
- Realización dunha Base de datos on-line sobre variedades locais e introdución destas na Rede de Sementes.

O orzamento total deste proxecto ascende a 115.402,00 euros, sendo a axuda solicitada á Fundación Biodiversidade de 80.781,40.-€ (70%), polo que o GDR deberá aportar o 30% restante (34.620,60.-€).

Orzamento desagregado:

Personal: 67.992,00.-€

Viaxes e manutención: 6.200,00.-€

Asistencias externas: 28.600,00.-€

Material inventariable: 3.200,00.-€

Material funxible: 4.800,00.-€

Gastos xerais (máx. 10%): 1.010,00.-€

Outros: 3.600,00.-€

A Xunta Directiva autoriza ó Equipo Técnico do Programa LEADER a que realice os trámites oportunos para presentar esta solicitude, ó mesmo tempo autorízase ó Presidente da Asociación a sinatura da mesma.

5. INFORME SOBRE A INSTRUCCIÓN Nº 1/2011, DO 19 DE ABRIL DE 2011, SOBRE COORDINACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E AGADER PARA A SUBVENCIÓN DE PROXECTOS TURÍSTICOS.

O pasado 4 de abril de 2011, a Consellería de Cultura e Turismo e AGADER asinaron un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio rural galego no marco dos programas xestionados ao abeiro do PDR de Galicia 2007-2013.

O obxectivo principal deste convenio é evitar diverxencias entre as actuacións incentivadas dende distintas administracións públicas de Galicia e buscar a maior complementariedade entre elas.

Dase conta na reunión, que segundo os convenio as actuacións elixibles a desenvolver polos GDR's no marco do Programa LEADER serán:

- Centros de atención ao visitante, que inclúan e complementen: a información ao visitante coa venda de produtos típicos da zona e sempre que sexa como máximo un por cada GDR e non exista no territorio outra iniciativa semellante.
- Realización de rutas de sendeirismo e/ou BTT homologadas.
- Recuperación de “casas de baño”, aproveitando os afloramentos mineromedicinais naqueles lugares onde non exista oferta de hotel-balneario, como unha medida de oferta complementaria aos aloxamentos rurais ou outro tipo de aloxamentos que conformen unha oferta mínima.
- Empresas de servizos turísticos especialmente vinculadas ao desenvolvemento de actividades estreitamente relacionadas co medio rural, entre as que destacarían as empresas de animación sociocultural que incidan na recuperación das tradicións e labores típicos do rural galego para que ao longo do ano, especialmente nas fins de semanas e períodos vacacionais, os núcleos rurais conten con actividades de atracción turística.
- Creación de produtos turísticos de caza e pesca a través de empresas de servizos.
- Valorización dos recursos fluviaais, especialmente embalses, proponendo a creación de actividades náutico deportivas susceptibles de comercialización e promoción, así como zonas de baño interior (praias fluviaais,...).
- Turismo industrial vivo: realización de visitas guiadas a empresas de transformación de actividades vinculadas ao mundo rural.
- Calquera outra non recollida nas anteriores que reciba informe favorable conxunto da comisión de seguimento e solución de controversias prevista na cláusula oitava do citado Convenio do 4 de abril de 2011.

6. INFORME CONVENIO DA ASOCIACIÓN DE GDR'S DE GALICIA COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

O Presidente da Asociación de GDR's de Galicia ten asinado o pasado 25 de abril un Convenio por dous anos coa Universidade de Santiago de Compostela, a proposta da Consello Social.

A través da formalización deste convenio, a Asociación de GDR's de Galicia comprométese a colaborar coa universidade a través do seu Consello Social, facilitando ao alumnado a realización de prácticas nas sedes dos diferentes Grupos de Desenvolvemento Rural que integran a Asociación.

7. INFORME DA CELEBRACIÓN DA 1ª XORNADA “NOVOS MODELOS DE XESTIÓN PARA O SEU MONTE” E PROPOSTA DE VISITA MODELOS XESTIÓN MONTE.

O pasado venres 6 de maio ás 20.30 horas, celebrouse no Local Social de veciños de Carnoedo (Concello de Sada) esta xornada, promovida por propietarios forestais da parroquia de Carnoedo, que contou cunha grande afluencia de público.

Os temas a tratar foron a exposición do Programa LEADER Mariñas – Betanzos, e profundizar na nova figura de xestión forestal impulsada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia: As Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

As SOFOR teñen por finalidade facilitar a xestión en común das propiedades forestais, co obxecto de acadar parcelas dimensionadas e que sexan rendibles economicamente.

Os relatores foron: Francisco Becerra da Asociación de Veciños de Carnoedo; Joaquín Martell, xefe de servizo provincial de montes de A Coruña da Xunta de Galicia e Jorge Blanco, xerente do Programa LEADER.

Nesta xuntanza tamén se propuxo para o sábado día 2 de xullo, a visita á experiencia levada a cabo no Concello de Trabada (Lugo) que teñen impulsado particularmente os propietarios nas súas parcelas forestais.

Acórdase seguir dinamizando este colectivo, así como asumir os gastos da viaxe de animación.

8. PROPOSTA DE VISITA A TERRITORIO RESERVA DA BIOSFERA.

Con data 27 de abril de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a resolución de concesión de axuda para o proxecto promovido polo GDR Mariñas – Betanzos “Accións formativas sobre as reservas da biosfera e adquisición de capacidades dos axentes locais” (L11-43100-29-B003). A axuda concedida ascende a 15.000 euros.

Dentro deste proxecto existe unha partida destinada á organización e realización dunha visita dos membros da Xunta Directiva e Equipo xestor ás Reservas da Biosfera existentes que teñan semellanzas co territorio, coa finalidade de que sexa un referente na elaboración da candidatura da Reserva da Biosfera.

Nesta iniciativa propónse, realizar unha visita á RESERVA DA BIOSFERA DE MENORCA ou á Reserva de LA PALMA. A Reserva da Biosfera de Menorca, conta con características urbano-rurais e densidade de poboación semellante ó territorio de Mariñas – Betanzos. Por outra banda, a Reserva de La Palma ostenta a secretaría do Consejo de Gestores do Programa Mab de España. Así mesmo, nos últimos 9 anos teñen desenvolvido un interesante traballo de valorización das súas producións.

A este respecto José Francisco Castro, representante de Roxin Roxal, comenta que quizais en La Palma o modelo non sería extrapolable, xa que os Cabildos teñen moitas máis competencias que en Galicia as Deputacións.

Por outra banda, Fernando Bandín, representante da Asociación Rabo do Galo, comenta que o importante é aprender metodoloxías e ferramentas de traballo.

Acórdase que dende a Xerencia se fale cos dous destinos e se escolla o de maior interese.

O importe para os gastos desta viaxe: desprazamento, aloxamento e manutención dos membros da Xunta Directiva e do equipo xestor ascenden a 12.000 euros.

9. INFORME REUNIÓN MESAS SECTORIAIS DO GDR MARIÑAS – BETANZOS E PROPOSTA RENOVACIÓN MEMBROS XUNTA DIRECTIVA.

9.1. MESA DO SECTOR DA PESCA, ACUICULTURA E MARISQUEO

O pasado 6 de abril tivo lugar a reunión desta mesa, onde acordaron que o novo representante desta mesa sexa a CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO.

9.2. MESA SECTOR “TURISMO E HOSTALERÍA”

O pasado 9 maio tivo lugar á reunión desta mesa, onde acordaron que o novo representante desta mesa sexa a ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA.

9.3. MESA SECTORIAL DE COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG’S.

O pasado 10 de maio tivo lugar á reunión desta mesa, onde os asistentes acordaron que os novos representantes destas mesa sexan: ASpace / ASPANAES.

9.4. MESA DE ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS.

O pasado 11 de maio tivo lugar á reunión desta mesa, onde os asistentes acordaron que o representante desta mesa sexa a FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DE AS MARIÑAS.

9.5. MESA DO SECTOR INSTITUCIONAL.

O pasado 20 de maio tivo lugar á reunión desta mesa, onde os asistentes acordaron que os novos representantes desta mesa sexan a FUNDACIÓN PARA O AVANCE CIENTÍFICO DA VETERINARIA EN GALICIA / CENTRO DE EXTENSIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

Proposta da Xunta Directiva de representantes das diferentes mesas sectoriais para ser ratificada pola Asemblea Xeral:

1. Mesa sector agrario, gandeiro e cooperativo:

- Sindicato Labrego Galego: Antón Sánchez García
- Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña: José Calo Faraldo
- Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e comarca: Antonio Buyo Mosquera

2. Mesa sector forestal e da Madeira:

- Asociación Provincial de la Industria 1ª transformación de la madera de A Coruña: Benito García Sánchez.

3. Mesa de Asociacións e Colectivos de Mulleres: Pendente elixir.

4. Mesa de Asociacións xuvenís e colectivos xuvenís:

- Asociación Xuventude e Natureza: Javier Ascasibar Errasti

5. Mesa de Asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS:

- Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva: José Juan Rico Rodríguez
- Asociación O Rabo do Galo: Fernando Bandín
- Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral: Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro

6. Mesa de Artesanía:

- Asociación Artesáns As Mariñas: Concepción Lema Torre.

7. Mesa de Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza:

- Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal: José Francisco Castro Vilariño

8. Mesa do sector de turismo e hostalería:

- Asociación do Turismo Sostible de A Coruña: José Soto Martínez

9. Mesa de Asociacións de empresarios multisectoriais:

- Federación de Asociaciones Empresariales de A Coruña: Aida Pérez Barredo

10. Mesa do sector Institucional(2).

- Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia: Xoan Manuel Álvarez Llana
- Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA): Carlos Vales Vázquez.

11. Mesa da Administracións locais(8). Pendente elixir.

12. Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura(1).

- Confraría de Pescadores de Miño: María José Crespo Fraga

13. Mesa colectivos de Interese Social, discapacidade e ONG,s(2).

- Asociación de padres de personas con parálisis cerebral (ASPACE): Eulogio López Río
- Asociación de pais con tea da provincia da Coruña (ASPANAES): M^a Teresa Tiemblo Marsal.

10. PRESENTACIÓN ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2010, INFORME DE ACTIVIDADES DO ANO 2011 E CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL: PROPOSTA DATA E FIXACIÓN DA ORDE DO DÍA.

O Xerente do Programa LEADER presenta ós asistentes as contas do ano 2010 e o orzamento para o ano 2011, así como as actividades para o ano 2011, que son as que se detallan a continuación:

PROGRAMA LEADER

- DIFUSIÓN PROGRAMA LEADER.
- ACOMPAÑAMIENTO A PROMOTORAS/ES E APOIO NA TRAMITACIÓN EXPEDIENTES LEADER.
- ELABORACIÓN BOLETÍN INFORMATIVO ELECTRÓNICO.
- BLOG E WEB MARIÑAS – BETANZOS.

SECTOR AGRARIO/FORESTAL

- IMPULSAR A INNOVACIÓN NO SECTOR AGROINDUSTRIAL.
- DINAMIZAR O SECTOR AGRARIO E FORESTAL (IMPULSO MOBILIDADE DE TERRAS; INCORPORACIÓN ACTIVOS AGRARIOS).
- IMPULSAR A INNOVACIÓN NO SECTOR AGROINDUSTRIAL.
- MELLORAR A COMERCIALIZACIÓN MEDIANTE CIRCUITOS CORTOS.

SECTOR MEDIOAMBIENTAL

- PROXECTO DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA NA COMARCA DAS MARIÑAS – BETANZOS
- CANDIDATURA A RESERVA DA BIOSFERA: VISITAS A TERRITORIOS RESERVAS E LANZAMENTO PÚBLICO
- PROXECTO MANDEO: COORDINACIÓN ACTUACIÓNS.

SERVIZOS Á POBOACIÓN

- ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS: SOLICITUDE AXUDA Á SECRETARIA XERAL DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DA XUNTA DE GALICIA
- DIFUSIÓN ACCESO LIBRE A INTERNET: PROXECTO GUIFL.NET
- APOIO Á CONSTITUCIÓN DUNHA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS CULTURAIAS.

SECTOR TURISMO:

- TRABALLAR CONXUNTAMENTE COA “ASOCIACIÓN DE TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA” EN NOVAS PROPOSTAS PARA O TERRITORIO.
- POSTA EN VALOR DA “VIA PER LOCA MARÍTIMA” (PRESENTADA A 2^a FASE NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- APOIAR CREACIÓN ROTAS AGROALIMENTARIAS (CANTATA 2)

ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- PARTICIPAR NA ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL, NA REFORMULACIÓN DA PAC 2014-2020 E NA SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS DOS GRUPOS.
- PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN CONGRESO SOBRE “LEADER E MEDIO RURAL”.

A Xunta Directiva aproba as contas do ano 2010 e actividades, para ser ratificadas por Asemblea Xeral. Tamén acorda por unanimidade que a Asemblea Xeral Ordinaria se celebre o **20 DE XULLO**, ás 20.00 horas en primeira convocatoria e ás 20.30 horas en segunda, no Salón de actos do Local Social de A Senra do Concello de Bergondo. Ó mesmo tempo acorda como puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral: 1) Informe das actividades desenvolvidas durante o ano 2010 e presentación e aprobación das contas anuais do ano 2010; 2) Proposta de actividades 2011 e do orzamento para o ano 2011; 3) Solicitude de declaración de Utilidade Pública do GDR Mariñas - Betanzos. 4) Ratificación novos membros electos e da composición da Xunta Directiva. 5) Rogos e preguntas.

As contas estarán a disposición dos interesados/as na Oficina Técnica do Programa LEADER en Abegondo.

Os asistentes acordan que se celebre a Xunta Directiva mensual o día 20 de xullo ás 19.00 horas no Local Social de A Senra.

11. ROGOS E PREGUNTAS

11.1-PROPOSTAS DE AGADER DE MODIFICACIÓN DAS MEDIDAS.

O día 30 de maio, Agader ten enviado un correo electrónico ós Grupos onde platexa unha proposta de modificación do PDR ao vindeiro comité de seguimento, no senso de deixar de subvencionar nos anos 2012 e 2013 proxectos na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal” e pasar as dotacións a medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”.

Preténdese que non se poidan financiar proxectos na medida 411 que non teñan a solicitude de axuda anterior ao 31/12/2011.

Na actualidade, o G.D.R. Mariñas-Betanzos ten catro proxectos na medida 411 pendentes de recibir o ICE favorable de Agader, que absorberían a totalidade dos fondos da medida.

Por outra banda, Agader tamén permite pasar fondos da medida 412 “Mellora ambiental e do contorno rural” á medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora de calidade de vida”. Na actualidade a Asociación non conta con proxectos aprobados na medida 412 e si que conta con proxectos con informe favorable de Agader na medida 413.

A Xunta Directiva aproba non traspasar fondos da medida 411, xa que estarían todos comprometidos.

Ao mesmo tempo, a Xunta Directiva acorda que os fondos destinados á medida 412 que non estean pedentes de resolución de ICE, sexan traspasados á medida 413.

11.2-REDISTRIBUCIÓN DE FONDOS:

Con data 02 de xuño de 2011 a **Asociación protectora de animais Gatocan** solicita o cambio de xustificación dos investimentos por anualidades.

A concesión da prórroga e cambio de anualidades na execución do proxecto vai dar lugar a un remanente de fondos sen comprometer na anualidade 2011, que ascenden a 59.481,42.-€

Preténdese comprometer estes fondos con proxectos que teñen na actualidade o ICE favorable, pendentes da emisión de resolución de concesión de Agader e tendo en conta a execución actual dos proxectos.

TITULO EXPEDIENTE APROBADOS EN XUNTA DIRECTIVA SEN RESOLUCIÓN DE AGADER	INVESTIMENTOS	PORCENTAXE DE AXUDA	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2011	PORCENTAXE DE AXUDA 2011	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2012	PORCENTAXE DE AXUDA 2012	IMPORTE AXUDA A COMPROMETER EN 2013	PORCENTAXE DE AXUDA 2013
L09-41300-29-0033 Modernización camping Aguiar en Bergondo	186.586,50	39,00%	72.768,74	18.192,18	25%	22.025,00	30%	32.551,56	45%
L10-41300-29-0054 Ampliación empresa adicada ao comercio ao por maior.	43.416,59	34,00%	43.416,59	10.854,15	25%	10.854,15	25%	21.708,29	50%
L10-41300-29-0039 Ampliación centro de día con zona de intervención multisectorial e zona interactiva en Culleredo	119.291,66	52,15%	119.291,66	30.123,16	25%	30.646,37	26%	58.522,13	49%
TOTAL	349.294,75		235.476,99	59.169,49		63.525,52		112.781,98	

Por outra banda o expediente L09-4130-29-0018 “**Ampliación e modernización de empresa de servizos no sector forestal da comarcal**”, liberaría aproximadamente 4.600.€ co peche do expediente.

O traspaso de fondos da medida 412 da anualidade 2011 á 413, incrementaría os fondos nesta medida en 95.075,61.-€. A totalidade dos fondos dispoñibles na medida 413 ascenden a 153.982,09.-€

Acórdase que a liberación destes fondos na anualidade 2011, sexan comprometidos cos seguintes proxectos:

- Expediente L09-41300-29-0048 “Implantación plataforma de comunicación en distribuidora de alimentación”: 2.641,60.-€
- Expediente L10-41300-29-0034 “Modernización industrias medioambientais” : 88.086,35.-€.
- Expediente L10-41300-29-0052 “Reforma do pavillón para atención integral a persoas con parálise cerebral”: 25.-€

- Expediente L10-41300-29-0039 “Ampliación centro de día con zona de intervención multisectorial e zona interactiva en Culleredo”: 13.254,14.-€.

Xúntase estado de situación final dos expedientes anteriores

TÍTULO EXPEDIENTE APROBADOS EN JUNTA DIRECTIVA EN RESOLUCIÓN DE AGADER	INVERSIONES	PORCENTAJE DE AYUDA	IMPORTE DE AYUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AYUDA A COMPROMETER EN 2011	PORCENTAJE DE AYUDA 2011	IMPORTE AYUDA A COMPROMETER EN 2012	PORCENTAJE DE AYUDA 2012	IMPORTE AYUDA A COMPROMETER EN 2013	PORCENTAJE DE AYUDA 2013
L09-41300-29-0033 Modernización camping Aquilar en Bergondo	186.586,50	39,00%	72.768,74	18.192,18	25%	22.025,00	30%	32.551,56	45%
L10-41300-29-0054 Ampliación empresa adicada ao comercio ao por maior.	43.416,59	34,00%	43.416,59	10.854,15	25%	10.854,15	25%	21.708,29	50%
L10-41300-29-0039 Ampliación centro de día con zona de intervención multisectorial e zona interactiva en Culleredo	119.291,66	52,16%	119.291,66	43.377,30	36%	30.646,37	26%	45.267,99	38%
L09-41300-29-0048 Implantación plataforma de comunicación en distribuidora de alimentación	37.001,00	27,00%	9.990,27	2.641,60	26%	7.348,67	74%		
L10-41300-29-0034 Modernización fábrica de maderas.	2.516.500,45	40,00%	200.000,00	108.086,35	54%				
L10-41300-29-0052 Reforma do pavillón para atención integral a persoas con parálise cerebral	799.019,97	60,00%	250.000,00	25,00	0%	99.877,50	40%	150.097,50	60%
TOTAL	3.701.916,17		695.467,26	183.176,58		170.751,69		249.625,34	

Acórdase que os proxectos xa activados en execución e que estean adiantados no seu ritmo de execución, que se modifique a súa distribución de fondos para poder ser pechados neste ano 2011 se quedasen fondos, co obxecto de non correr o risco de perder fondos.

11.3. INFORME DO INTERESE DA CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA CORUÑA DE COLABORAR COS CENTROS EDUCATIVOS NA XESTIÓN DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (PRÁCTICAS).

A primeiros do mes de maio ten chegado á sede do GDR Mariñas – Betanzos unha proposta da Cámara de Comercio da Coruña para acoller alumnos que están a cursar a titulación de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas no Centro de Estudos Superiores de Galicia (CESUGA).

Estas prácticas non supoñen custo algún para a Asociación, nin precisan de seguros (sociais e responsabilidade civil), nin establece relación laboral ou mercantil.

A tal fin, tense enviado unha ficha cos datos da Asociación á Cámara de Comercio, coa finalidade de que acoller a dous alumnos en prácticas.

A Xunta Directiva, autoriza a sinatura por parte da Presidencia dun convenio coa Cámara de Comercio para a realización de Prácticas de estudo de alumnos dos dous últimos cursos de Administración e Dirección de Empresas de CESUGA.

Por outra banda, o Presidente toma a palabra, para transmitir que dende as dúas Redes de GDR's de España, seguen a traballar pola fusión das mesmas.

De feito, comenta que vai a estar en calidade de Vicepresidente da Red Estatal proximamente nunha reunión en Madrid para falar concretamente deste tema, así como da reforma da P.A.C. no período 2014-2020, polo que convida aos membros da Xunta Directiva a achegarlle propostas.

Así mesmo, informa que dende a Asociación de GDR´s de Galicia que preside, vaise celebrar neste ano un Congreso sobre LEADER e futuro da PAC, que agarda poida servir para relanzar o Enfoque LEADER.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Bergondo, a 6 de xuño de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes